

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION EXTRAORDINARIA 13 DE XUÑO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Araújo Pereira, Marcos.
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN

Álvarez Pérez, José Luís (Partido Popular)
Rodríguez Escudero, Cayetano (Grupo Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trece de xuño do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral Accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á

convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Bos días, iniciamos o Pleno en sesión extraordinaria co orde do día da aprobación definitiva dos Orzamentos, convocado con data 10 de xuño do 2014, ábrese sesión pública, constátase quórum, e de acordo coa Xunta de Voceiros procederá en quendas de 10 minutos e unha replica final do goberno de cinco minutos.

ÚNICO (92).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. PARA O EXERCICIO 2014. EXPTE. 27/142 (REX. PLENO 904/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta presentado con data 5 de xuño de 2014 polo concelleiro delegado de Economía e Facenda (Resolución de 30.05.2014):

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 2 de maio de 2014, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e os dos seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes, para o ano 2014.

En cumprimento do previsto nos arts. 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 88 do día 9 de maio, comezando a súa exposición o día 10, e rematando o prazo da mesma o 28 do mesmo mes.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta de data 2 de xuño emitido pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados once alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2014, e que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan,

dando así cumprimento ao previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non está en algún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para entablar alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, e ademais, a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida a propia alegación que leva incorporado o número de Rexistro. Faise a identificación e analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.

En consecuencia co anterior, tendo en conta os informes que figuran no expediente identificado como de Alegacións e Emendas, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte ...”

En consecuencia co anterior o concelleiro delegado de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe emitido con data 5 de xuño polo interventor xeral:

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 2 de maio de 2014, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e os dos seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes, para o ano 2014.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº nº 88 do día 9 de maio, comezando a súa exposición o día 10, e rematando o prazo da mesma o 28 do mesmo mes.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta de data 2 de xuño emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados once alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2014, e que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non está en algún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para entablar alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Esta Intervención emitiu informe sobre sete alegacións, coa seguinte especificación:

Tres alegacións presentadas contra o Orzamento da Entidade Local, por D. Antonio

Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, rexistradas cos números 140059037, 140059040 e 1400590044, de data 19/05/2014.

Alegación presentada co número de rexistro 140059069, de data 19/05/2014, contra o orzamento do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, por D. Enrique Pérez Rego, delegado da sección sindical da FSP-UXT.

Alegación presentada por D. Ruben Pérez Correa, rexistrada co número 140064407 de data 28/05/2014.

Alegación presentada por D. Francisco Javier Stepa Riveiro, rexistrada co número 140064437 de data 28/05/2014.

Alegación presentada por correo 28/05/2014 pola Sra. Presidenta da Federación Veciñal Eduardo Chao , rexistrada co número 140066726 de data 02/06/201.

Alegacións presentadas en materia de persoal e informadas pola Sra. Xefa do Servizo de Recursos Humanos:

D. Jerónimo Fernández Vicente en representación de CSI-CSIF (documento nº 140055065).

Sección Sindical CIG-Concello de Vigo (DOC. Nº 140059264).

D. Xosé Vicente Comesaña Trigo e outros (DOC. Nº 140064483).

D. Manuel Bueno Heredia, secretario xeral da sección sindical da UGT no Concello de Vigo (documento nº 140066699).

En realción coas reclamacións en materia retributiva, hai que informar que a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal da Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local, artigo 12727.1.h) da Lei 7/1985, e non ao Pleno do Concello, como sí sucede nos municipios suxeitos ao réxime común -e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de gran poboación anteriormente a entrada en vigor da Lei 57/2003. Este criterio é o mantido para as alegacións presentadas ao Orzamentos Municipais dos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. Os informes de avaliación deste tipo de alegacións, foi emitido pola Sra. Xefa do Servizo de Recursos humanos.

En todos os casos, as alegacións presentadas foron rexeitadas, xa que non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRF, que se categorizan nas tres liñas seguintes:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRF.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou

ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

En consecuencia, a proposta formulada desestima as citadas alegacións, polo que nada ten que informar esta Intervención, por ser os supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL moi claros, non axustándose as mesmas aos supostos previstos.

Tendo en conta que a proposta de data 05/06/2014 que se formula ao Pleno da Corporación polo Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda (Resolución de 30 de maio de 2014), non altera nada do proxecto que se someteu ao Pleno en data 2 de maio de 2014, non procede emitir informe sobre este trámite, quedando os estados orzamentarios tal e como figuran na proposta de aprobación inicial, aínda que os estados numéricos serán obxecto dos axustes incorporados polas emendas xa aprobadas, co seguinte desglose:

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente¹

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	58.906.358,70	67.151.826,18	I	102.241.340,00	102.241.340,00
II	107.054.515,49	114.289.661,15	II	6.501.120,00	6.501.120,00
III	1.063.719,00	1.063.749,00	III	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	39.253.678,62	26.036.072,56	IV	71.116.818,09	69.495.611,58
V	200.000,00	200.000,00	V	3.180.000,00	3.237.323,17
TOTAL G.Co.Op.NF	206.478.271,81	208.741.308,89	TOTAL I.Co.Op.NF	218.290.755,49	220.696.942,61
VI	10.846.071,96	11.331.016,22	VI		
VII	965.056,26	546.133,42	VII	,00	,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	11.811.128,22	11.877.149,64	TOTAL I.Cp.ONF	,00	,00
TOTAL G.Op.NF	218.289.400,03	220.618.458,53	TOAL I.Op.NF	218.290.755,49	220.696.942,61
VIII	601.000,00	671.040,48	VIII	600.000,00	670.040,48
IX	6.800.355,46	6.800.355,46	IX	6.800.000,00	6.800.000,00
TOTAL G.Op.Cp.F	7.401.355,46	7.471.395,94	TOTAL I.Op.Cp.F	7.400.000,00	7.470.040,48

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que éstos fan á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

TOTAL G.Op.Cp.	19.212.483,68	19.348.545,58	TOTAL I.Op.Cp.	7.400.000,00	7.470.040,48
T.XERAL GASTOS	225.690.755,49	228.089.854,47	T.XERAL INGRESO	225.690.755,49	228.166.983,09

Orzamentos por áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	7.852.074,46	7.852.074,46
1	115.834.764,14	115.501.193,08
2	19.135.266,68	19.135.266,68
3	33.965.239,56	36.697.909,60
4	15.381.029,28	15.381.029,28
9	33.522.381,37	33.522.381,37
Total	225.690.755,49	228.089.854,47

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.257.406,06	418.922,84	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.323.269,44	340.000,00
OA. IMD	29.164,52		5.564.128,62	60.000,00
OA. EMAO			1.225.826,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	14.938.636,57	418.922,84	14.938.636,57	418.922,84

Orzamento dos Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	
II	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
IV	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64

V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
VII	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
TOTAL	7.984.486,16	8.061.614,78	6.981.764,37	6.981.764,37	1.266.761,22	1.266.761,22	1.523.646,64	1.523.646,64

Substitúense os documentos relativos as cifras orzamentarias (Orzamento por programas de gastos, clasificación económica, Áreas de gasto), xa que os enviados ao Pleno en data 2 de maio, non tiñan recollido o Ditame coas emendas aprobadas na Comisión Informativa de Economía e Facenda de 22 de abril, aínda que a proposta formulada ao Pleno, xa recollía as emendas nos resumos por capítulos e Áreas de Gasto. En consecuencia, xúntase dous novos volúmenes que recolle os estados orzamentarios da Entidade e os Consolidados coas emendas aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión do 2 de maio e no ditame da Comisión Informativa de data 22 de abril.

En canto ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, as emendas contidas no ditame da Comisión Informativa de data 22 de abril e aprobada polo Pleno na sesión do 2 de maio, aínda habéndose producido modificación das contías dos capítulos II e IV, non xera cambios na contía total das operacións non financeiras, polo que, non hai alteración en relación cos informes emitidos e asinados electrónicamente por esta Intervención en data 03/04/2014, sendo o resultado o mesmo.”

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data, 10 de xuño de 2014, prestou a súa conformidade á devandita proposta.

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 10 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente.

O expediente completo do Orzamento municipal do Concello e dos seus organismos autónomos, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, está debidamente dilixenciado por esta Secretaría Xeral do Pleno.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: O 2 de maio aprobouse inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2014, foi sometido a exposición pública e presentáronse once alegacións e reclamacións que foron desestimadas por non estar contempladas nos

supostos que establece a lexislación de aplicación. Procédese polo tanto, á aprobación definitiva do Orzamento para o ano 2014, uns Orzamentos que poñen o acento nas políticas sociais, en favorecer a actividade económica e na creación de emprego.

Nestes duros tempos de crise, empobrecemento, de perda de dereitos e desemprego, o Concello de Vigo vai aprobar un Orzamento que da resposta ás terribles consecuencias económicas e sociais que padece a cidadanía. Son uns Orzamentos que están elaborados para dar respostas ás demandas dos traballadores, clases medias, mozos, mulleres, das familias que non teñen nada, das persoas que non poden cubrir as súas necesidades básicas, son uns orzamentos que permiten continuar co desenvolvemento de políticas “keynesianas” que hoxe tantos demandan, pero que este Concello ten aplicado dende hai xa sete anos que impulsan a inversión e polo tanto a actividade económica do emprego, en definitiva, uns Orzamentos pensados para as persoas, para as viguesas/es. Son os Orzamentos máis sociais da historia de Vigo, e por iso é difícil de comprender que alguén deixe de aprobalo, repetireino unha e mil veces, é un orzamento social, o máis social que nunca tivo o Concello de Vigo, o máis social de calquera outra administración, nin onde governa o Bloque Nacionalista Galego, nin onde governa a Esquerda Unida tense aprobado un Orzamento tan social como o que vai aprobar este Concello hoxe.

Mentres a gran maioría das administracións teñen reducido de forma drástica o gasto social, este Goberno ten aumentado de forma moi substancial as partidas adicadas ás políticas sociais, ao mantemento dos dereitos da nosa xente, mentres outras administracións cercenan os dereitos das persoas, nós, este Goberno, aumenta cada ano os cartos que adica ás políticas que permiten manter unha sociedade cohesionada, onde se redistribúe a riqueza, onde se atenden aos que menos teñen, sen deixar de promover políticas que permiten xerar crecemento económico, actividade e creación de emprego. Por iso a cidade pregúntase e non pode comprender que o Bloque Nacionalista Galego vote en contra, ninguén pode entender que cando se aumentan as partidas adicadas ás políticas sociais o Bloque Nacionalista Galego vote en contra, que cando seguimos promovendo inversións e proxectos que facilitan a actividade económica e crea emprego, o BNG vote en contra, que cando seguimos apostando por unha cidade con espazos dignos, con

rúas que permitan a ocupación do espacio público pola xente, por unha cidade saneada e ben abastecida, por facilitar a mobilidade dos nosos concidadáns, o Bloque Nacionalista Galego vote en contra, que cando queremos asentar a Vigo na modernidade asegurando o futuro, a educación e o coñecemento das nosas/os mozos, o BNG vote en contra.

Vigo adica os seus recursos de forma moi intensa ao gasto social, crecen tódalas partidas, pero o que realmente medra son os fondos destinados a facer fronte ás políticas de protección e promoción social nas que se encadran os servizos sociais e o fomento do emprego. Ao fomento de emprego destínanse, 5,5 millóns de euros, repito, 5,5 millóns de euros, non coñezo outro concello que lle adique tanta inversión, dende logo os gobernados polos que van votar en contra deste Orzamento non o fan, o crecemento nesta política en menos de tres anos foi do 100%, como é posible votar en contra da maior partida coñecida para crear emprego que é a maior preocupación e necesidade da cidadanía.

En canto ao crecemento do gasto en servizos sociais e en políticas de igualdade pódese dicir con contundencia que hai unha gran aposta por facer fronte á situación de auténtica necesidade. A crise está a deixar a moitas cidadás nunha situación de marxinalidade económica e social, a variación nestas políticas conta cun aumento de 2,4 millóns de euros, a cidadanía ten que saber que en políticas de benestar social dende o ano 2008, pasouse de 5,6 millóns a 11,5 millóns, un crecemento do 105,4%; por que van votar os señores do Bloque Nacionalista Galego en contra deste aumento tan significativo en política de Benestar Social? Nos últimos tres anos só en axudas de comedores sociais, bolsas de comedor, convenios con organizacións sociais, pasouse de 1,5 millóns a 4,1 millóns, cun crecemento do 167%, por que van votar en contra destas axudas que tanto crecen?.

Neste Orzamento hai tamén unha dotación de dous millóns de euros para facer fronte ás situacións xeradas pola crise, axudas para alimento, alugueiros e carencia enerxética, coñecen os que se opoñen a este Orzamento algún outro Concello que adique tantos recursos a estas políticas? Non, non hai ningún outro que o faga, por que van votar en contra?

Non queda aquí a nosa aposta polas políticas sociais, non, ademais hai un aumento moi importante das bolsas de comedor nas escolas, pasouse de 610.000 euros en

anteriores orzamentos apoiados polo Bloque Nacionalista Galego, a dous millóns no 2014, por que van votar en contra das axudas para comedor que permiten que ningún rapaz/a se quede sen unha bolsa de comedor, que fai que non haxa ningún rapaz en lista de espera nas escolas con bolsas de comedor?.

As anteriores non son as únicas políticas de gasto que creceron, tamén o fan as de Educación, Cultura e Deporte un 1,6 millóns máis de euros para o que tamén son políticas sociais, e que falar das axudas ao transporte, doce millóns de euros nos que xa se contemplan axudas para os desempregados, non hai ningún concello nin gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, nin por Esquerda Unida, nin por eses que levantan as bandeiras da esquerda que adique doce millóns de euros a axudas para o transporte, ningún concello, esa é diferenza entre uns e outros, nós aprobamos un Orzamento con grandes políticas sociais, outros berran moito, queren manter privilexios.

Neste intre prodúcese unha interrupción por voces formuladas por parte do público asistente á sesión.

SRA. SILVA REGO: Viña dicindo que este é un Orzamento claramente social, é innegable, é certo que hai xente que só sabe berrar, faltar ao respecto, sen argumentos, que queren que se manteñan os seus privilexios.

PRESIDENCIA: Suspéndese a sesión.

Suspéndese ás 9,18 horas e reiníciase ás 10,10 horas.

SRA. SILVA REGO: Moita xente morreu por poder ter palabra, porque lle permitiran falar e expresarse libremente como os alborotadores, o secretario da organización da CIG e o responsable do Bloque Nacionalista Galego, non me permiten facer uso da palabra, só dicir que imos votar e ter un Orzamento social que algúns non queren porque querían ter os seus privilexios, e iso non vai ocorrer. Polo tanto, renuncio á palabra porque non me deixan facer uso dela.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe estamos aquí para a aprobación final dos Orzamentos

para 2014 con este pacto inédito entre o Partido Popular e o Partido Socialista, un pacto do que se nos está a falar como o pacto polo ben da cidade, isto é absolutamente falso, este é un pacto polo ben do Partido Socialista, polo ben do Alcalde sobre todo que é quen de asinar un pacto polo Partido Popular porque o seu interese fundamental é agarrarse ao cargo, aferrarse á poltrona, e o Partido Popular despois destes anos criticando e cuestionando ao Alcalde e quen de pactar co Partido Socialista para intentar quitar cabeza, é un pacto do silencio, para evitar as críticas do Partido Socialista ao Partido Popular e do Partido Popular ao Partido Socialista, é un pacto puramente electoral para reforzalo bipartidismo e evitar as críticas que é o que lles doe.

Por iso a Sra. Silva desperdiçou os dez minutos da súa intervención nos que tiña que explicar como chegan a un acordo o Partido Socialista e o Partido Popular e dedicounos a falar do Bloque Nacionalista Galego, porque lles doe, dóelles que o Bloque Nacionalista Galego estea denunciando este pacto da vergonza, que hipoteca e condena á cidadanía viguesa, este pacto da dereita, dos monárquicos, este é o pacto da vergonza, entre o Partido Popular e o Partido Socialista para aprobar uns Orzamentos máis sociais que nunca. Estamos falando duns Orzamentos nos que se rebaixan 700.000 euros nos convenios de emprego con respecto ao ano pasado, nos que se rebaixa 1,2 millón de euros en axudas sociais directas para as necesidades básicas da cidadanía, para comer, señores/as do Partido Popular e do Partido Socialista, nos que se elimina a partida para Sereos, para o bono taxi. Non comparen con outras cidades, nós vivimos en Vigo, estamos falando dos Orzamentos de Vigo, comparen co que pasou o ano pasado, que houbo partidas para tres escolas infantís novas nesta cidade, este ano ningunha, as axudas de emerxencia colapsadas. Hoxe en Xerencia de Urbanismo quedou deserta a ocupación de dúas vivendas para persoas desafiuzadas con mobilidade reducida, algo están facendo moi mal señores do Partido Socialista porque vostedes non queren que a vivenda ou a alimentación sexan dereitos das persoas, vostedes queren concedelas graciosamente, vostedes non ofrecen vivendas sociais, o Sr. Alcalde prefire ter a familias desesperadas na porta da Alcaldía pregándolle por unha vivenda para facerse a foto, para dicir que axuda e logo deixalas na rúa, esa é a súa forma de entender as axudas sociais, como axudas graciosas do Sr. Alcalde e non como dereitos da cidadanía, aí tamén coinciden co Partido Popular, ben se

nota que son vostedes monárquicos.

Ademais son vostedes profundamente democráticos por iso escoitan ás persoas elixidas democraticamente neste Pleno, porque as vinte e sete persoas que estamos aquí fomos elixidas democraticamente nas urnas, e todas temos dereito a falar e todas temos que ser escoitadas, todas. Vostedes están demostrando o que entenden por democracia, iso é o que están demostrando, pero non é sorprendente neste Concello á búlgora, no que vostedes van aprobar conxuntamente os Orzamentos, nos que se impide debater as taxas e impostos municipais, nos que o incumprimento dos acordos plenarios é sistemático, non o é señores do Partido Popular, non o é sistemático o incumprimento dos acordos plenarios, pero agora votan vostedes a favor duns Orzamentos, e vostedes que fan, insultar á oposición porque lles molesta que lles denunciemos, porque estamos denunciando os prexuízos que lle provoca á cidadanía este pacto vergonzoso entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Estamos aprobando uns Orzamentos que non son Orzamentos sociais, que non promoven o emprego e nin sequera poden vostedes presumir de que se xestionen en tempo e forma, estamos en xuño, hai algunha diferenza máis entre pactar co Bloque Nacionalista Galego e pactar co Partido Popular, nin sequera poden vostedes vender que son máis eficientes. Están vostedes aquí para aprobar uns Orzamentos que reforzan as políticas de privatizacións, que expulsan a veciñanza, que os veciños/as que xestionan servizos públicos como o Centro Cívico de Teis son expulsados para darlles beneficio ás empresas privadas, son vostedes profundamente antidemocráticos e están traballando polo negocio de empresas privadas, están vostedes traballando dende o Concello como unha axencia de viaxes ou como unha axencia inmobiliaria que se adica a desfacerse de propiedades municipais que poderían estar servindo de vivenda para as familias que máis o necesitan na nosa cidade, mentres vostedes se dedican a exercer de axencia inmobiliaria, de axencia de viaxes, desatenden as políticas públicas como o bono bus para persoas desempregadas e sen ingresos. Díxenlles que non comparen con outras cidades, así que eu non vou comparar co Concello de Ourense, pero vostedes están desatendendo as necesidades da cidadanía, esa é a realidade.

O Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra destes Orzamentos, quedou claro que a Sra. Silva xa o sabía, alegrámonos moito para que cando se reconten os

votos non haxa confusións, que lle quede claro que imos votar en contra, así o repetiu ela durante dez minutos, parece que case sobrava a nosa intervención. Nós non temos que explicar máis veces porque votamos en contra duns Orzamentos que recortan en emprego, en servizos sociais, que camiñan cara a privatización, que lle ofrecen beneficio ás empresas privadas, que recortan en servizos á cidadanía, que son o resultado dun pacto entre dúas forzas que decidiron aplicar as políticas neoliberais e de dereitas tamén neste Concello de Vigo, non temos que explicalo máis, aínda nos falla a día de hoxe, día da aprobación final destes Orzamentos que o Partido Socialista e o Partido Popular expliquen por que chegaron a pactar, non é unha cuestión de responsabilidade, a cidadanía claramente non precisa estes Orzamentos senón outros, non é unha cuestión de responsabilidade cando gobernando non se aprobaban Orzamentos e agora apróbanse uns Orzamentos cos ollos pechados, como unha cuestión de fe non é unha cuestión de responsabilidade, é unha cuestión de aplicar as políticas de recortes e de dereitas que se están aplicando no Goberno do Estado e na Xunta de Galicia.

Nós dixemos hai tres anos, que a investidura do Alcalde non era un cheque en branco, no momento no que o Alcalde desta cidade decide poñer a gobernar ao Partido Popular tamén no Concello de Vigo, nós votamos en contra dos seus orzamentos, porque nós comprometémonos coa cidadanía a que o Partido Popular non gobernaría nesta cidade para non aplicar as políticas de recortes que está aplicando en Madrid e que está aplicando en Santiago de Compostela e agora é o Alcalde de Vigo quen o fai, quen pon a gobernar ao Partido Popular e quen aplica as políticas neoliberais neste Concello tamén, prexudicando a unha parte moi importante da cidadanía. Hoxe vai materializarse definitivamente este pacto vergoñoso, vergonza debería darlles ser quen de aliarse sexa como sexa e a costa do que sexa por obxectivos puramente electoralistas, vergonza debería darlles.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos apoiar este Orzamento porque apoiándoo estamos apoiando a Vigo, e algúns tiñan que facer algunha reflexión política sobre por que e como ás veces se toman decisións de certo calado que inflúen no presente e no futuro, neste caso da cidade de Vigo.

O Bloque Nacionalista Galego é sorprendente que poida facer un ataque tan brutal

polo menos ao Partido Popular porque os que puxeron ao Sr. Alcalde de Vigo a dirixir esta cidade foron eles cos tres votos, pero non só iso é que o Partido Popular no seu día, non ano 2003, recibiu os votos e o apoio do Bloque Nacionalista Galego para que a Sra. Porro fose alcaldesa de Vigo, e gracias a ese apoio o Partido Popular obtivo a Alcaldía durante tres anos e medio. Polo tanto, Sra. Veloso un pouco de coherencia porque vostedes tamén apoiaron ao Partido Popular no seu momento para que gobernase a cidade de Vigo, que seguramente iso é de máis contido político que o que agora estamos a aprobar, porque estamos a aprobar un Orzamento, o do ano 2014 que é clave para a cidade de Vigo e vostedes sábene, e como vostedes o saben o que fixeron vostedes é tomar unha decisión política de boicotear a aprobación do Orzamento, para que? Para que canto peor, mellor para vostedes, pero canto peor para a cidade peor para todos. Polo tanto, nós entendemos que era de responsabilidade porque hai unha serie de obras para o futuro de Vigo que son imprescindibles que o apoio maioritario neste Pleno para aprobar os Orzamentos era imprescindible é necesario.

Vostedes tiveron a oportunidade pero deixaron tirado ao Goberno e non pensaron na cidade, pensaron seguramente nas súas liortas internas que agora se veñen a demostrar, que naquel momento seguramente xa as tiñan pero non afloraban cousa que agora si afloran as diferencias que teñen dentro do seu partido que non son un grupo, que son tres grupos e polo tanto eu entendo que é difícil chegar a un acordo de proposta política de cara ao futuro.

Por iso, nós acordamos levar a cabo un acordo por Vigo pero non é agora xa só senón que nós durante o tempo que levamos do último ano leváronse a cabo accións concretas como a amortización de débeda por un importe de dezaseis millóns de euros, a proposta de solucións para o Aeroporto de Peinador, un Plan de inversións municipal con cargo ao superávit e propostas para revitalizar certas zonas da cidade, e incluso chegamos a aprobar novas taxas para obras subterráneas en ordenanzas fiscais, nós marcamos unha serie de condicións neste acordo ou pacto que foi recibido e apoiado tamén polo equipo de goberno que é atender á fiscalidade, é dicir, que queremos rebaixar os impostos aos vigueses e vaise facer, seguramente os que agora protestan cando isto se faga para a cidadanía, felicitaranse e dirán xa o dicía eu que tiña que ser así.

Chegamos a un acordo o equipo de Goberno e o Partido Popular de rebaixa do 1,4%

no IVE, na rodaxe e no lixo, tamén establecemos un recibo fiscal único con pago diferido no tempo, marcouse unha liña de desbloqueo do transporte metropolitano para que os concellos que están limítrofes con nós poidan ter un transporte único, chegouse tamén a un acordo para que os veciños paguen a auga por consumo real e non por o consumo por tramos, tamén se falou dos accesos ao novo hospital e tamén se esta a levar a cabo a tramitación da cidade da Xustiza que é un tema importante para esta cidade sobre todo despois do debate que se está a producir dentro do Consello Xeral do Poder Xudicial. Tamén chegou un momento que cando falamos destes temas xurdiu unha cuestión que é importante, que é a reforma da administración local, cuestión que demos os primeiros pasos e que temos que continuar en futuros anos, tamén marcamos uns obxectivos claros que é a creación de emprego e as políticas sociais que non se rebaixaron en ningún caso, quen diga o contrario mente e aí están os datos e os números, pásanse de 11,3 millóns de euros a 7,8 millóns pola amortización anticipada da débeda financeira, que esta é un aspecto fundamental e importante, e o gasto social pásase de 14,4 millóns de euros a 19,1 millóns, pero non só isto senón que dentro deste Orzamento contéplanse plans de emprego xuvenil, axudas á creación de empresas, programas de axudas ao Plan de Emprego Municipal, convenio de creación de Coworking, programas educativos na cidade, plan de indemnización de comercio e tamén unha cuestión fundamental que é a promoción do turismo, que é un dos sectores estratéxicos da cara ao futuro. Temos que seguir traballando neste dirección, nós dende logo, queremos que en Vigo o reto dos próximos anos se poidan levar a cabo coa cooperación e colaboración das forzas maioritarias ou das forzas que teñan un obxectivo que é o interese xeral e non un interese partidista, e por iso é importante que o AVE chegue a nosa cidade, que se desbloquee, que se fixo un esforzo importante tanto da administración local, como dende administración nacional por parte da ministra a Sra. Ana Pastor, o tema do tax-lease que hai que resolver para que os estaleiros e o naval poida ter uns resultados definitivos, tema que estaba desbloqueado, que agora mesmo está en marcha e que pode por en funcionamento a contratación de moitos floteles e barcos. Na automoción creo que se está facendo tamén un apoio importante a Citroën que é fundamental para manter eses postos de traballo non só de Citroën senón das empresas auxiliares. Por suposto que hai unha infraestrutura importante que

moitos protestan cando non funciona, que é a depuradora que é fundamental para o desenvolvemento medio ambiental da nosa ría e non só para iso senón tamén para que no futuro se poida seguir conseguindo bandeiras azuis que ao final vaise traducir en beneficios, en recursos e ingresos económicos para a cidade de Vigo.

Tamén estase a recuperar entre o Concello e a Xunta de Galicia o Casco Vello que é un tema importante de cara ó rexurdir desa zona tan importante, tamén hai acordos entre o Goberno, a Zona Franca e o Porto para levar a cabo Plans de inversións importantes. Polo tanto, nós non queríamos renunciar a que todas estas obras se puxeran en marcha e funcionaran como teñen que funcionar e non só iso senón que sexan o futuro de Vigo para os próximos anos e isto teña esa estabilidade e tamén anunciamos que en todo aquilo que sexa necesario por interese xeral desta cidade o Partido Popular apoiará aquelas cuestións que sexan de intereses sen ningún tipo de dúbida, queremos que o interese xeral estea e se antepoña aos intereses partidistas dos grupos ou de partidos en momentos puntuais. Por iso, é importante, e vou dicir unha frase que creo que é fundamental para todos, Vigo ten políticos que saben estar á altura, e creo que algúns estamos á altura e outros o que queren é boicotear e bloquear á cidade, e iso é o que realmente os cidadáns ao final perciben, que os grupos políticos se poidan entender para o ben da cidadanía, do interese xeral e nós estamos nesa dirección, de sumar esforzos, de buscar cooperación, acordos e de estar á altura das circunstancias que eu o que nos piden os cidadáns, non un grupo pequeno ou minúsculo que ao final o que queren é boicotear as accións de goberno para que non se leven a cabo proxectos na cidade de Vigo.

Vigo e os vigueses poden contar co Partido Popular porque vai estar sempre á altura do que reclame á cidadanía, estando no Goberno ou estando na oposición, temos claro que dende a oposición tamén se pode facer un traballo importante de cara ao futuro para que as oposicións colaboren cos gobernos en casos puntuais como pode ser este, que non hai unha maioría, que hai unha minoría pero que esa maioría a rompe un grupo que o único que quere é buscar a chantaxe e o boicot á cidade de Vigo.

SRA. SILVA REGO: Sr. Presidente, en vista de que os alborotadores profesionais dirixidos por responsables do Bloque Nacionalista Galego que están sentados entre

eles e que veñen a defender o seu “chiringuito”, que se lle acabou o “negociete”, simplemente quero dicir que este é o Orzamento máis social da historia Vigo e que se someta á votación, co voto en contra dos que non poden explicar porque van votar en contra, que o fan porque os seus xefes non lles permiten votar a favor. Así co orgullo do Orzamento máis social de Vigo que se vote Sr. Presidente.

PRESIDENCIA: Non conseguiron parar os Orzamentos os alborotadores, unha vez máis a cidade pon no seu sitio aos alborotadores.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adoptase o seguinte,

ACORDO:

- a)** Desestimar as tres alegacións presentadas por D. Antonio Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, rexistradas cos números 140059037, 140059040 e 1400590044, de data 19/05/2014, por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), sendo o informe da intervención de desestimación.
- b)** Desestimar Alegación presentada co número de rexistro 140059069, de data 19/05/2014, contra o orzamento do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, por D. Enrique Pérez Rego, delegado da sección sindical da FSP-UXT, xa que, de acordo ao informe de intervención, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local, ou órgano competente de acordo aos Estatutos, no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non sendo unha competencia do Pleno, nin ser un dos supostos previstos para entablar unha alegación ao

orzamento.

- c)** Desestimar a alegación presentada por D. Ruben Pérez Correa, rexistrada co número 140064407 de data 28/05/2014, xa que mesma, de acordo ao informe de intervención, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- d)** Desestimar a Alegación presentada por D. Francisco Javier Stepa Riveiro, rexistrada co número 140064437 de data 28/05/2014, xa que mesma, de acordo ao informe de intervención, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- e)** Desestimar a Alegación presentada por correo 28/05/2014 pola Sra. Presidenta da Federación Veciñal Eduardo Chao (sen acreditar), rexistrada co número 140066726 de data 02/06/2014, xa que mesma, de acordo ao informe de intervención, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- f)** Desestimar as alegacións presentadas por: D. Jerónimo Fernández Vicente en representación de CSI-CSIF (documento nº 140055065), Sección Sindical CIG-Concello de Vigo (DOC. Nº 140059264), e D. Xosé Vicente Comesaña Trigo e outros (DOC. Nº 140064483), por non concorrer os supostos de admisibilidade contemplados no artigo 170.2 do RD 2/2004, do 5 de marzo.
- g)** Desestimar a alegación D. Manuel Bueno Heredia, secretario xeral da sección sindical da UGT no Concello de Vigo (documento nº 140066699), por non concorrer os supostos de admisibilidade contemplados no artigo 170.2 do RD 2/2004, do 5 de marzo.
- h)** Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2014, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2014, e as emendas aprobadas polo Pleno na sesión extraordinaria do 2 de maio de 2014 presentadas en Comisión Informativa polos Grupos Políticos Municipais, tendo o proxecto que se remite xa incorporadas as emendas aprobadas. O proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes (IMD).

Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Os Resumos que se axuntan, recollen xa o resultado da totalidade das alegacións cuxa resolución se propón.

A estrutura na que se agrupa a información toma en consideración os gastos e ingresos correntes por operacións non financeiras, gastos e ingresos de capital por

operacións non financeiras e gastos e ingresos por operacións financeiras.

Orzamento de gastos da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado segundo a súa natureza económica

A estrutura que se presenta axústase ao previsto na orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Estado de gastos e ingresos da entidade e consolidados

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente²

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	58.906.358,70	67.151.826,18	I	102.241.340,00	102.241.340,00
II	107.054.515,49	114.289.661,15	II	6.501.120,00	6.501.120,00
III	1.063.719,00	1.063.749,00	III	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	39.253.678,62	26.036.072,56	IV	71.116.818,09	69.495.611,58
V	200.000,00	200.000,00	V	3.180.000,00	3.237.323,17
TOTAL G.Co.Op.NF	206.478.271,81	208.741.308,89	TOTAL I.Co.Op.NF	218.290.755,49	220.696.942,61
VI	10.846.071,96	11.331.016,22	VI		
VII	965.056,26	546.133,42	VII	,00	,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	11.811.128,22	11.877.149,64	TOTAL I.Cp.ONF	,00	,00
TOTAL G.Op.NF	218.289.400,03	220.618.458,53	TOAL I.Op.NF	218.290.755,49	220.696.942,61
VIII	601.000,00	671.040,48	VIII	600.000,00	670.040,48
IX	6.800.355,46	6.800.355,46	IX	6.800.000,00	6.800.000,00
TOTAL G.Op.Cp.F	7.401.355,46	7.471.395,94	TOTAL I.Op.Cp.F	7.400.000,00	7.470.040,48

2 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que éstes fan á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

TOTAL G.Op.Cp.	19.212.483,68	19.348.545,58	TOTAL I.Op.Cp.	7.400.000,00	7.470.040,48
T.XERAL GASTOS	225.690.755,49	228.089.854,47	T.XERAL INGRESO	225.690.755,49	228.166.983,09

Orzamentos por áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	7.852.074,46	7.852.074,46
1	115.834.764,14	115.501.193,08
2	19.135.266,68	19.135.266,68
3	33.965.239,56	36.697.909,60
4	15.381.029,28	15.381.029,28
9	33.522.381,37	33.522.381,37
Total	225.690.755,49	228.089.854,47

Orzamento dos Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	
II	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
IV	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
VII	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
TOTAL	7.984.486,16	8.061.614,78	6.981.764,37	6.981.764,37	1.266.761,22	1.266.761,22	1.523.646,64	1.523.646,64

- i)** Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, coa salvidade das Bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.
- j)** Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- k)** Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local. Aprobar o cadro de persoal dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no apartado e) desta

proposta.

- l)** Axustar tecnicamente a documentación que conforma o expediente do orzamento no caso de ser necesario.
- m)** En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.
- n)** Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.
- o)** O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e surtirá os seus efectos dende o un de xaneiro.
- p)** De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.
- q)** Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL
DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.